



SESION ORDINARIA DE 25 DE MARZO DE 2025

(Acta número 03)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D^a. María del Carmen López Moreno
D. Héctor Manuel Corujo González

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinde e cinco de marzo de dous mil vinte catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e cinco, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2025, VÍA TRANSFERENCIA E SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA O PLAN DEPUTACIÓN 2025.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, a teor do seguinte texto:

“A Proposta de Acordo sometida a votación é a seguinte:

“ ...

Proposta

Vistas a memoria e proposta de Presidencia para aprobación do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, (en adiante Plan Deputación), e informes do expediente así como o informe de Intervención sobre modificacións de crédito e demais documentación, é preciso adecuar os créditos previstos no orzamento aos necesarios para executar o Plan Deputación mediante transferencia de crédito e, así mesmo, suplementar as dotacións que resultan insuficientes, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas nel, segundo figuran nas memorias que acompañan os expedientes, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, mediante transferencia de crédito polo importe de 11.528.382,85€, co seguinte detalle:

Aplicacións Orzamentarias		Incremento	Diminución
1330.76201	Ordenación do tráfico e estacionamento	132.091,18 €	
1350.46201	Protección Civil	16.696,98 €	
1350.76201	Protección Civil	4.326,84 €	
1510.76201	Urbanismo	18.137,90 €	
1520.76201	Vivenda	3.690,78 €	



DEPUTACIÓN DE LUGO

Aplicacións Orzamentarias		Incremento	Diminución
1532.76201	Pavimentación de vías públicas	1.397.052,93 €	
1600.76201	Rede de sumidoiros	358.898,28 €	
1610.76201	Abastecementos	497.750,17 €	
1621.76201	Recollida de lixo	20.198,63 €	
1630.76201	Limpeza viaria	6.104,45 €	
1650.76201	Alumeado público	215.785,10 €	
1710.76201	Parques e xardíns	181.541,44 €	
1720.76201	Protección e mellora do medio ambiente	27.416,51 €	
2314.46201	Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social	2.056.734,23 €	
2314.76201	Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social	6.944,22 €	
2315.76201	Centros de Atencións a Maiores	55.649,11 €	
2410.46201	Fomento do Emprego	3.606.191,45 €	
3230.76201	Funcionamento de centros docentes de ensinanza infantil e primaria e educ. esp.	64.740,64 €	
3240.76201	Funcionamento de centros docentes de ensinanza secundaria	36.156,02 €	
3340.46201	Promoción cultural	453.224,57 €	
3340.76201	Promoción cultural	255.814,62 €	
3360.76201	Protección e xestión do Patrimonio Histórico-Artístico	11.472,25 €	
3380.76201	Festas populares e festexos	11.000,38 €	
3410.46201	Promoción e fomento do deporte	195.978,16 €	
3410.76201	Promoción e fomento do deporte	657.034,22 €	
4190.46201	Outras act. en agric., gandería e pesca	165.422,82 €	
4320.46201	Información e promoción turística	141.657,06 €	
4320.76201	Información e promoción turística	22.965,75 €	
4590.76201	Outras infraestruturas	37.902,98 €	
9200.46201	Sociedade da Información	163.566,13 €	
9200.76201	Servizos de carácter xeral	693.102,99 €	
9420.46201	Transferencias Correntes a Entidades Locais Territoriais, Plan Único		4.982.500,00 €
9420.76201	Transferencias de Capital a Entidades Locais Territoriais, Plan Único		6.545.882,85 €
TOTALS		11.528.382,85 €	11.528.382,85 €
TOTAL AREA DE GASTO 1		2.892.825,25 €	
TOTAL AREA DE GASTO 2		5.725.519,01 €	
TOTAL AREA DE GASTO 3		1.685.420,86 €	
TOTAL AREA DE GASTO 4		367.948,61 €	
TOTAL AREA DE GASTO 9		856.669,12 €	11.528.382,85 €

2º.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 10.470.914,93 € co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Aplicacións orzamentarias

Importe

1531.76201	Acceso ós núcleos de poboación	9.922.509,79 €
1532.76201	Pavimentación de vías públicas	548.405,14 €

TOTAL 10.470.914,93 €

Financiamento:

<u>Concepto Ingresos</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	10.470.914,93 €

3º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

...”

Comenta a Interventora que esta modificación corresponde coa necesaria para o Plan Deputación 2025.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por unanimidade, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=2>

3.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2025, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, que textualmente di o seguinte:

“A Proposta de Acordo sometida a votación é a seguinte:

“...

Proposta

Visto o informe de Intervención sobre modificación de crédito e demais documentación, é preciso dotar os correspondentes créditos mediante unha



modificación de crédito consistente nun suplemento de crédito, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas nel, segundo consta na Memoria, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 19.239.655,00 €, co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Aplicacións orzamentarias		Importe
1360.767	Consortio Provincial de extinción de incendios, Transferencias de capital a Consorcios	105.000,00 €
2413.46200	CENTRAD, Transferencias correntes a Concellos	20.000,00 €
3340.22609	Promoción cultural, Actividades Culturais e Deportivas	45.000,00 €
3340.46200	Promoción cultural, Transferencias correntes a Concellos	990.000,00 €
3340.76200	Promoción cultural, Transferencias de capital a Concellos	120.000,00 €
3342.76200	Mocidade, Transferencias de capital a Concellos	650.000,00 €
3410.22609	Deportes, Actividades Culturais e Deportivas	130.000,00 €
3410.76200	Deportes, Transferencias de capital a Concellos	680.000,00 €
3420.623	Pazo dos Deportes, Investimento novo en maquinaria, instalacións e ferramenta	500.000,00 €
4190.22699	Medio Rural, Outros gastos diversos	45.000,00 €
4190.46200	Medio Rural, Transferencias correntes a Concellos	70.000,00 €
4190.76200	Medio Rural, Transferencias de capital a Concellos	690.000,00 €
4321.624	Rutas Fluviais, Investimento novo en material de transporte	2.000.000,00 €
4321.627	Rutas Fluviais, Proxectos Complexos	100.000,00 €
4321.632	Rutas Fluviais, Investimento de reposición en edificios e outras construcións	100.000,00 €
4530.619	Estradas, Investimento de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	2.294.655,00 €
9201.633	Parque Móbil, Investimento de reposición en maquinaria, instalacións e ferramenta	140.000,00 €
9330.632	Patrimonio, Investimento de reposición en edificios e outras construcións	560.000,00 €
9420.76200	Transferencias a Concellos, Transferencias de capital a Concellos	4.000.000,00 €
0110.913	Débeda Pública, Amort. de prést. a longo prazo de entes de fora do sector público	6.000.000,00 €
TOTAL		19.239.655,00 €

FINANCIAMENTO:

Concepto Ingresos	Denominación	Importes
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	19.239.655,00 €

2º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

...”

Toma a palabra a Interventora e explica que esta modificación para aplicar o remanente é maior que a de outros anos, e que ademais inclúe a amortización da débeda polo cumprimento da Lei de Estabilidade. Pregunta o Presidente aos Deputados se hai algunha cuestión sobre este asunto e, non habendo, sometese a votación a proposta da Presidencia, e a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. Luís Fernández Guitián e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=3>

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN DEPUTACIÓN 2025.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, relativo ao Plan Deputación de cooperación cos concellos 2025, que dispón o seguinte:

“PRIMEIRO. O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 27/12/2024 acordou prestar aprobación ás bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025.



SEGUNDO.- No BOP nº 04, de data 07/01/2025, publicáronse as ditas bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, nas que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de un (1) mes a partires do día seguinte á publicación destas no BOP.

TERCEIRO.- Todos os concellos presentaron as súas propostas en prazo, requiríndolles aclaracións ou documentación de engádegas a aqueles que ou ben non estaba completa ou se necesitaba de algunha aclaración ou corrección de erro, aceptando todas as propostas dos concellos, xa foran feitas inicialmente ou logo das correccións ou engádegas efectuadas. Trámites que se desenvolveron ponderando especialmente os principios marcados polo artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, nas relacións entre as administracións públicas, así como os deberes de colaboración do artigo 141 LRXSP e o establecido nas propias bases (base 5.1).

CUARTO.- Pola Unidade de Obras e Plans –Servizo de Contratación e Fomento-, con responsabilidade na elaboración do plan, unha vez recibidas as solicitudes dos Concellos, pasouse ao estudo e análise destas, para a súa comprobación, dando traslado das solicitudes e demais documentación aos distintos servizos ou áreas encargadas da xestión segundo o programa de que se trate, a fin de que emitan informe relativo ao cumprimento do estipulado nas bases.

QUINTO.- Así mesmo, comproboouse o cumprimento da determinación especificada na base 5, relativa a que a suma dos importes destinados aos programas B4 (actividades culturais); B5 (actividades deportivas); B6 (actuacións/eventos turísticos); B7 (feiras, mercados ou análogos) e B8 (administración electrónica e protección de datos) non superan o 30% da contía atribuída a cada Concello nesta anualidade do Plan Deputación, tal como establecen as bases (base 9).

SEXTO.- Polos distintos Servizos, Seccións ou Unidades encargadas da xestión dos diferentes programas incluídos no Plan Deputación 2025 emitíronse informes relativos ao cumprimento das bases, así incorpóranse ao expediente os informes relativos a:

- Programa de axuda no fogar: Informe do Servizo de Benestar Social e Igualdade con CSV: IV7SULHKF7ZSZ5MOSXYHEN3B64*
- Programa Reforzo do Emprego: Informe do Servizo de Emprego con CSV: IV7SUH23LEU6SXXN2WI646ULBME*
- Programa de actividades culturais : Informe do Servizo de Cultura con CSV: IV7SUGD6PZGJ5DUI3QPGB53SBY*
- Programa de actividades deportivas: Informe do Servizo de Deportes con CSV: IV7SUOQYLURD2TJZ3UEDIFIF74*
- Programa de Administración electrónica e protección de datos: Informe do Servizo de Novas tecnoloxías con CSV: IV7SUHROJU745256YN6G4M7SL4*

- Programa relativo a actuacións/eventos turísticos: Sección Turismo con CSV: IV7SUH26F7654WRS7RAQE5IFH4
- Programas relativo a feiras, mercados e outros e Protección Civil: Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento con CSV: IV7SUPHMZQOSLXX3AFGCGF2AGU

SETIMO.- En canto ao programa de investimentos, encargouse esta Unidade de Obras e Plans. Comprobouse que todos os Concellos destinaron a investimentos como mínimo o 50% do total asignado neste Plan Deputación e que como mínimo o 60% do importe obrigatorio para investimentos, se destina arranxo, reparación e mellora de vías públicas municipais, de acordo co establecido nas bases (base 2.b.1).

Ademais, todos os concellos destinaron, dos seus recursos, o importe determinado como contía mínima consonte co establecido nas bases, que se correspondía coa mesma aportación que fixeron ao POS na anualidade 2016 (base 1.2).

Igualmente constátase que o Concello de Lugo destina o total da achega a investimentos como así o establece a disposición adicional primeira das bases deste plan Deputación 2025.

OITAVO.- Pola Unidade de Obras e Plans do Servicio de Contratación e Fomento, á vista das propostas recibidas dos Concellos e dos informes das áreas xestoras dos distintos programas do Plan Deputación, procedeuse á elaboración de dito Plan Deputación 2025 resultante, estruturado segundo os distintos obxectos e programas solicitados, tal como se establece nas bases, do cal se incorpora copia, ao igual que da memoria do sinalado Plan Deputación 2025.

NOVENO.- Ademais, indícase que se cumpre os mínimos esixidos en canto a investimentos e SAF, así como o estipulado como teito de gasto para os programas b4 (actividades culturais); B5 (actividades deportivas); B6 (actuacións/eventos turísticos); B7 (feiras, mercados ou análogos) e B8 (administración electrónica e protección de datos), que non superan o 30% da contía atribuída a cada Concello nesta anualidade do Plan Deputación 2025, tal como establecían as bases.

Doutra banda, na tramitación do plan deuse participación aos concellos, consonte ao previsto no artigo 32.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o TRLRL, sendo eles quen propoñen as actuacións/eventos/investimentos, indicando estes que consultaron, e indican se os investimentos propostos figuran ou non como déficit na enquisa de infraestruturas e equipamentos locais, e aceptando todas as solicitudes dos concellos nos termos propostos, dentro da súa autonomía municipal.

Co Plan Deputación 2025, materialízase un instrumento preponderante de cooperación cos municipios, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL).

DECIMO.- En base ao disposto na Disposición adicional terceira das bases deste plan, “a deputación queda facultada pola adhesión dos concellos ao Plan Deputación, para



comprobar de oficio que cada concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social e coa propia Deputación provincial”, tanto para a tramitación de anticipos como para o aboamento dos importes resultantes da presentación das contas xustificativas.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Incorporase ao expediente memoria do Plan Deputación 2025. Visto o antedito, cos datos e informes obrantes neste Servizo de Contratación e Fomento, e a xuízo dos informantes, cumprense os requisitos establecidos nas bases do Plan Deputación de cooperación cos concellos 2025, polo que se informa favorablemente:

- 1. A aprobación do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2025, con CSV: IV7SWILT3JX26WRLQ755CD3QI4 de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, do que resultan os seguintes importes globais por programas.*

Programa	Achega Deputación	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento	TOTAL
1.- Invetimentos	15.199.826,38€	1.296.436,64€	16.496.263,02 €
2.- Axuda no fogar –SAF	2.056.734,23€	1.307.067,88€	3.363.802,11 €
3.- Reforzo do Emprego	3.606.191,45€	54.880,47€	3.661.071,92 €
4.- Actividades Culturais	453.224,57€	80.474,45€	533.699,02 €
5.- Actividades deportivas	195.978,16€	41.100,00€	237.078,16 €
6.- Actuacións/Eventos turísticos	103.684,78€	30.763,84€	134.448,62 €
7.- Feiras, mercados e outros	203.395,10€	88.742,62€	292.137,72 €
8.- Administración electrónica e protección de datos	163.566,13€	40.500,00€	204.066,13 €
9.- Protección civil	16.696,98€	0,06€	16.697,04 €
TOTAIS	21.999.297,78 €	2.939.965,96 €	24.939.263,74 €

- 2. Determinar que non se tramitarán anticipos ao abeiro do Plan Deputación 2025 ata que a modificación orzamentaria no orzamento de 2025, necesaria para o financiamento do plan, sexa efectiva.*
- 3. Comunicar aos concellos a aprobación do Plan e determinar a súa publicación na páxina Web, debendo os concellos respectar as bases e o plan aprobado en canto á súa execución e xustificación.*

E canto procede informar, se prexuízo e con sometemento a calquera outro mellor criterio fundado en dereito

Visto o anterior, por esta Presidencia propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado o Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2025, con CSV: IV7SWILT3JX26WRLQ755CD3QI4¹, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, adxunto como anexo I, do que resultan os seguintes importes globais por programas.

Programa	Achega Deputación	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento	TOTAL
1.- Investimentos	15.199.826,38€	1.296.436,64€	16.496.263,02 €
2.- Axuda no fogar –SAF	2.056.734,23€	1.307.067,88€	3.363.802,11 €
3.- Reforzo do Emprego	3.606.191,45€	54.880,47€	3.661.071,92 €
4.- Actividades Culturais	453.224,57€	80.474,45€	533.699,02 €
5.- Actividades deportivas	195.978,16€	41.100,00€	237.078,16 €
6.- Actuacións/Eventos turísticos	103.684,78€	30.763,84€	134.448,62 €
7.- Feiras, mercados e outros	203.395,10€	88.742,62€	292.137,72 €
8.- Administración electrónica e protección de datos	163.566,13€	40.500,00€	204.066,13 €
9.- Protección civil	16.696,98€	0,06€	16.697,04 €
TOTAIS	21.999.297,78 €	2.939.965,96 €	24.939.263,74 €

2º.- Determinar que a aprobación de anticipos inherentes ao Plan Deputación quede condicionado á entrada en vigor da modificación orzamentaria no presuposto de 2025, necesaria para facer fronte aos investimentos e actividades, non tramitándose anticipos ata que dita modificación sexa efectiva.

3º.- Comunicar aos Concellos a aprobación do Plan Deputación 2025.

4º.- Publicar a aprobación e o Plan na páxina Web da Deputación Provincial”.

A Comisión Informativa, por unanimidade acorda informar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=4>

--oo0oo--



5.- PROPOSTA DE GOBERNO RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA UN PLAN INTEGRAL DE DOTACIÓN E RECUPERACIÓN DE SERVIZOS PARA O HOSPITAL DE MONFORTE

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

“Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e a Deputada Provincial Dona Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno reclamando á Xunta de Galicia un Plan integral de dotación e recuperación de servizos para o Hospital de Monforte.

A falla de atención dos sucesivos gobernos do PP cara o Hospital comarcal de Monforte é sen dúbida un exemplo paradigmático da desatención dos conservadores galegos cara o rural e cara a Sanidade Pública. Un desprezo ós veciños e veciñas que precisan atención médica na Ribeira Sacra, nun área de poboación dunhas 42.000 persoas; e un desprezo tamén para os profesionais que teñen que traballar en precario, con material avariado, sen cobertura de baixas ou vacacións, e defendendo o indefendible modelo do Sergas dun hospital sen servizos activos.

Dende xuño de 2024, as galegas que acoden ó Hospital facer unha mamografía pasan polo episodio surrealista, inexplicable no século XXI, de facer a proba nun aparato estropeado. Se as catro imaxes non ofrecen a claridade precisa para facer un diagnóstico, son derivadas entón ó HULA. Este modelo de atención, que reduce o material clínico á categoría e fiabilidade da escopeta de feira, non merece outro comentario que o asombro.

Así mesmo, e seguindo co desmantelamento de especialidades na Sanidade Pública do rural, o Sergas mantén o hospital de Monforte en precario, ou directamente orfo de especialistas en áreas como Hematoloxía, Dixestivo, Psiquiatría, Rehabilitación, Pediatría, Radioloxía, Laboratorio e Dermatoloxía. A milagrosa xestión do Sergas ten conseguido o nunca visto, o Hospital sen médicos que claro, consegue a desaparición dos enfermos, que teñen que marchar ser atendidos no HULA, nese modelo decimonónico de ir ó médico á capital.

A desatención dos gobernos do PP ó hospital de Monforte ven sendo constante. Dende a etapa de Fraga, que non escoitou a reivindicación de dotalo de UCIs, ata os de Feijoo, que ca reforma da Lei de Saúde, en 2017, lle quitaba a Monforte a condición de área

sanitaria, na redución das mesmas de 11 a 7. Por non falar das constantes promesas incumpridas, como o plan de investimento de 15M€ en Hospital de Día Polivalente e Oncolóxico, anunciado en 2019, que en 2021 só deixou 1,5M€ da cantidade prometida.

A saúde é unha preocupación esencial da poboación; e a atención sanitaria no rural é non só un dereito, senón unha ferramenta capital para frear as dinámicas demográficas negativas da nosa provincia. Por iso dende a defensa constante da universalidade dos servizos públicos, e moi especialmente da Sanidade, sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo reclama á Xunta de Galicia un plan integral de dotación e recuperación de servizos para o Hospital de Monforte que atenda de xeito especial ós seguintes aspectos:

- A reparación inmediata ou a substitución do mamógrafo avariado, de xeito que se retome con normalidade e seguridade para as pacientes o servizo de mamografía.
- Un plan de información e/ou repetición de probas que disipe calquera dúbida que podan ter as pacientes atendidas polo mamógrafo avariado.
- A dotación de persoal nas especialidades nas que se detectan carencias como Hematoloxía, Dixestivo, Psiquiatría, Rehabilitación, Pediatría, Radioloxía, Laboratorio e Dermatoloxía.
- Medidas para cubrir as baixas de xubilación, vacacións ou enfermidade do persoal sanitario, de xeito que a calidade do servizo non dependa do sobreesforzo do cadro de persoal”

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstencións dos señores deputados D. Clemente Iglesias González, D. José Pardo Lombao e D. Héctor Manuel Corujo Cillero, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=5>



6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE ACEPTE A OFERTA DE CONDONACIÓN DA DÉBEDA FEITA POLO GOBERNO DE ESPAÑA.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia que acepte a oferta de condonación da débeda feita polo Goberno de España.

Ó longo do último mes, a actualidade política deixou varios exemplos que retratan o xeito de facer política do PP e a súa relación cos cartos públicos. No norte da nosa provincia, comprobamos como os populares non teñen reparo en condicionar os investimentos á cor política do concello. Plans e proxectos que eran irrealizables, volven á mesa de traballo como cousa de encantamento, cando unha moción de censura garante unha alcaldía afín.

E en Santiago, o PP non dubida en facerlle pagar a todos os galegos e galegas o prezo do seu sometemento ás políticas que lle ditan dende o centro de Madrid, rexeitando por motivos ideolóxicos e intereses partidistas unha condonación de débeda que favorecería á nosa Comunidade Autónoma.

Para estar en política é preciso atender á realidade. Pero o PP hai moito tempo que so se escoita a si mesmo. O señor Feijoo precisaba manter a mentira de que a quita da débeda ía ser un privilexio para Cataluña. Cando non foi así, cando a finais de febreiro o Goberno progresista de Pedro Sánchez anunciou que a quita beneficiaría a todas as CCAA, o PP decidiu manter a súa mentira, en lugar de adecuar a súa resposta á realidade.

O fixo así porque o PP non pensa nos problemas dos galegos e galegas, pensa só na estratexia electoral dun líder feble en Madrid. Así que o PP quere convencer á poboación que a redución dun terzo da débeda pública galega non é beneficiosa. Mesmo o que non quere o PP é que se fale de débeda pública, porque durante os seus anos no goberno, esa débeda pasou de preto de 4.000 M€ en 2008 a máis de 12.000 no 2024. A gran xestión neoliberal triplicou a débeda empeorando sistematicamente

todos os servizos públicos, da educación á sanidade, pasando pola atención á dependencia.

O goberno do señor Rueda vai ter que pagar este ano 1.700M€ en concepto de débeda, pero non quere que lle perdoen 570M. Posiblemente porque como o seu goberno non fai investimentos en sanidade, non fai investimentos en educación, non constrúe residencias públicas, non desenvolve o ferrocarril de proximidade e non remata as infraestruturas pendentes, pois ó goberno do PP le da igual ter cartos ou non. Cumpre lembrar que a FEGAMP ten valorada en 600M€ a débeda da Xunta cos concellos pola asunción por parte destes de competencias impropias que debería desenvolver o goberno autonómico. E que o propio presidente Rueda ten sinalado que precisaría 500M€ para garantir a prestación dos servizos públicos no rural. Son só dous exemplos do que se podería facer cunha cantidade como a que o Goberno propón condonar.

Dende o Grupo Socialista, non podemos calar ante un xeito de facer política que quere converter os cartos de todos e todas nun ben patrimonial do PP. Ante unha política que estrangula os servizos públicos e as facendas dos concellos, e que non é capaz nin de sentar a dialogar co Goberno do Estado para avanzar nos modelos de corresponsabilidade fiscal ou a escoitar unha proposta beneficiosa. Por iso presentamos ante o Pleno da Deputación Provincial de Lugo para o seu debate e aprobación esta Moción para que a Xunta de Galicia:

- Acepte a oferta de condonación de débeda feita a todas as Comunidades Autónomas polo Goberno de España”.

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstencións dos señores deputados D. Clemente Iglesias González, D. José Pardo Lombao e D. Héctor Manuel Corujo Cillero, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=6>



7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG DE RESPALDO Á “PETICIÓN DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA SOLICITANDO O APOIO Á MANIFESTACIÓN DO DÍA 6 DE ABRIL “

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de Deputada e en representación, como voceira, do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) ao abeiro da lexislación vixente presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción de respaldo á “petición da Plataforma SOS Sanidade Pública solicitando o apoio á manifestación do día 6 de abril”.

Exposición de Motivos

Deseguido damos conta das motivacións trasladadas pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia para proceder a convocatoria da manifestación do vindeiro día 6 de abril e solicitar o apoio das administracións locais:

“A Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia , despois da gran manifestación celebrada cun enorme éxito en Vigo, organizada pola Plataforma de Vigo e o resto de Plataformas da área sanitaria, acordamos convocar unha nova manifestación en Compostela o día 6 de abril, ás 12 h desde a Alameda, dada a nula resposta da Xunta de Galicia e da Consellaría de Sanidade ás reivindicacións que expuxemos de incrementar os recursos, mellorar a organización e o funcionamento da Atención Primaria; reactivar e aproveitar plenamente os recursos dos Hospitais Públicos para afrontar o incremento das listas de agarda; e frear a deterioración, desmantelamento e privatización de todo o Sistema Sanitario Público Galego por parte do PP galego.

As organizacións que formamos parte desta alianza social e profesional, consideramos fundamental o apoio dos Concellos (como administracións máis próxima aos problemas da cidadanía), e pedimos o apoio ás reivindicacións que expoñemos de maneira consensuada:

- Máis Atención Primaria: Centros de Saúde e PACs dotados de persoal suficiente de todas as categorías; ben equipados; accesibles en 24-48 horas como máximo; consultas presenciais a solicitude do paciente; reorientar a Atención Primaria á promoción, prevención, traballo comunitario e participación social.*
- Máis Atención Hospitalaria: utilización plena dos recursos instalados en hospitais mañá e tarde; recuperar recortes nos hospitais comarcais; acabar coa política de concertación coa privada; restitución ao sistema publico dos centros privatizados; plans para reducir listas de agarda e a non ocultación das mesmas; acabar coa precariedade laboral e recuperar a esixencia da dedicación exclusiva do persoal médico.*

• *Máis Sanidade Pública: incrementar o orzamento sanitario público; Plan de Saúde Galego que adapte os recursos ás necesidades; recuperar os servizos privatizados e as Áreas Sanitarias pechadas; potenciar a Saúde Pública para combater as posibles epidemias para a saúde.*"

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos recollidos na petición da Plataforma SOS Sanidade Pública.

1º.- Apoiar as referidas reivindicacións da Plataforma SOS Sanidade Pública.

2º.- Que o acordo do punto 1 sirva de chamamento ao conxunto da veciñanza a participar na Manifestación convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública do día 6 de abril en Compostela, facilitando a difusión da convocatoria".

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstencións dos señores deputados D. Clemente Iglesias González, D. José Pardo Lombao e D. Héctor Manuel Corujo Cillero, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=7>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEFENSA DO ACORDO DO BNG PARA A CONDONACIÓN DA DÉBEDA

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG indicada no epígrafe, do seguinte teor:

"A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de Deputada e en representación do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en defensa do acordo do BNG para a condonación da débeda.



Exposición de Motivos:

O Acordo de Investidura do Goberno do Estado conseguido polo BNG a comezos da actual lexislatura contemplaba que, en caso de condonacións totais ou parciais da débeda adquirida por Comunidade Autónoma adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómica (FLA), se establecesen medidas compensatorias análogas para a Galiza no marco das compensacións a aquelas CCAA que non fixeron uso do FLA.

O goberno do PP na Xunta de Galiza optou en maior medida por contraer débeda con entidades bancarias a pesar de ser máis gravoso para a cidadanía galega e agora rexeita calquera tipo de condonación ou compensación conseguida polo BNG no Acordo de Investidura dicindo que non representa ningún tipo de avance.

Esta medida que o Partido Popular rexeita aplicar á Galiza, en aras a súa submisión aos intereses e ditados de Xénova, ascende a 4010 M€, representando o 33% da débeda pública da Galiza -máis de 50% máis que no caso de Cataluña, o que permitiría mellorar a vida dos galegos e as galegas.

Hai que lembrarllas que, a día de hoxe, o pagamento da débeda é a terceira maior partida do Orzamento da Xunta de Galiza despois de sanidade e educación, sendo de 1763 M€. Dende o BNG parécenos irresponsábel que o PP rexeite a condonación cando permitiría aforrar cada ano en pagamento da débeda case 600 M€ que poderían ser destinados á mellora da sanidade, a educación ou os servizos sociais.

É unha vergoña que o PP da Xunta de Galiza, en vez de defender os intereses dos galegos e das galegas, queiran prexudicar a Galiza única e exclusivamente pola estratexia partidista de intentar explicar o inexplicable e queiran renunciar a esta condonación pola súa submisión ao PP de Madrid.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos, e o seu traslado ao Goberno da Xunta de Galiza.

1º.- Instar á Xunta de Galiza a defer os intereses dos galegos e das galegas respectando e aceptando o acordo acadado polo BNG nesta lexislatura para reducir a débeda pública da Galiza nun 33%.

2º.- Instar á Xunta de Galiza a que o aforro que supón esta condonación da débeda se traslade a mellorar os servizos públicos de Sanidade, Educación e Servizos Sociais”.

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstencións dos señores deputados D. Clemente Iglesias González, D. José Pardo Lombao e D. Héctor Manuel Corujo Cillero, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=8>

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA ESIXIR AO GOBERNO DE ESPAÑA MEDIDAS PARA PALIAR O DÉFICIT DE FACULTATIVOS NA ATENCIÓN PRIMARIA.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular indicada no epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para esixir ao Goberno de España medidas para paliar o déficit de facultativos na atención primaria

Exposición de Motivos:

A situación da Atención Primaria está a ser difícil en toda España por un problema de déficit de especialistas en medicina familiar e comunitaria de alcance estatal, o que fai practicamente imposible cubrir as prazas nos casos de xubilacións, baixas ou ausencias.

Dende hai anos sabiamos que esta difícil situación ía chegar, por iso xa en abril do 2018, as Comunidades Autónomas, xunto co Goberno daquela presidido por Mariano Rajoy aprobaron, por unanimidade, nun Consello Interterritorial unha serie de medidas prioritarias para corrixir as carencias que se estaban orixinando.

Sen embargo, aquelas medidas pactadas en abril quedaron sen efecto coa chegada ao Goberno de España do PSOE, en xuño de 2018, que postergou e non deu cumprimento ao pactado no Consello Interterritorial, empeorando así, cada ano, a situación da Atención Primaria.



Foron 4 anos de inacción, e varios ministros, ata que en 2022 o Ministerio de Sanidade presentou ao Consello Interterritorial un informe coordinado pola catedrática Beatriz González López-Valcárcel titulado *Informe Oferta-Necesidade de Especialistas Médicos 2021-2035*, no cal se marcaba o 2027 como punto de inflexión onde se producirían situacións críticas no Sistema Nacional de Saúde (SNS).

Dito informe sinala a especialidade de medicina familiar e comunitaria como “a especialidade con peores prognósticos de déficit”, identificando como as causas máis determinantes neste problema a fuxida dos residentes desta especialidade a urxencias e o escaso incremento das prazas MIR debido á rixidez do procedemento de acreditación de prazas formativas por parte do Goberno central. Ademais do aquí sinalado tamén se recomenda adoptar incentivos para prazas de difícil cobertura, que poderían quedar vacantes incluso nun escenario con máis especialidades polo seu pouco atractivo profesional.

Dende este tempo desde o Goberno central, que é quen ten a responsabilidade, pouco se fixo para resolver a situación, máis ben deixouse correr o reloxo. Practicamente todas as medidas que se levaron a cabo nestes anos foron no ámbito competencial das Comunidades Autónomas, que foron quen de asumir as súas responsabilidades en materia sanitaria sen o apoio do Goberno estatal.

Ata tal punto chegou a situación que comunidades de distinto signo político subscribiron un manifesto impulsado por Galicia (PP) e País Vasco (PNV) onde reclaman ao Goberno de España unha serie de medidas urxentes para solucionar a situación na que se atopa a Atención Primaria. A este manifesto uníronse nun primeiro momento máis comunidades autónomas como Cataluña (ERC), Castela e León, Andalucía ou Madrid, entre outras.

Está claro que esta demanda conxunta é unha realidade que nos afecta a todos independentemente do signo político.

No Debate do Estado da Nación celebrado en xullo de 2022, o contido deste manifesto foi trasladado ao Congreso dos Deputados como resolución, logrando o apoio dunha decena de partidos políticos, tamén de diferente signo, e sendo aprobado.

Dous anos despois dese debate, o pasado ano 2024, volveuse realizar un informe sobre a necesidade de médicos en España por encargo do propio Ministerio de Sanidade onde se volvían actualizar os datos e se alertaba da situación crítica do Sistema Nacional de Saúde.

Xa van sete anos, seis ministros de sanidade e ningunha vontade política por parte do Goberno central do Partido Socialista en pór solución a unha problemática que afecta a todo o país e á saúde da xente.

Esta situación é aínda máis preocupante nunha Comunidade Autónoma como a galega, cunha forte dispersión e cunha poboación cada vez máis envellecida e que precisa de máis coidados e asistencia sanitaria.

O goberno da Xunta de Galicia actuou e, facendo uso das súas competencias, elaborou unha lei que a habilitou para convocar prazas consideradas de difícil cobertura mediante concurso de méritos. Unha medida pioneira no Estado que fai máis atractivas determinadas prazas e que permitiu convocar máis de 350 por esta modalidade, especialmente no noso rural.

A inacción do Goberno central por poñer solucións enriba da mesa que faciliten que haxa facultativos que as comunidades poidan contratar fai que moitos concellos galegos teñan serias dificultades para cubrir as prazas que quedan vacantes ou as baixas do persoal sanitario.

Xa que logo é urxente que o Goberno de España teña en conta as demandas que hai tempo lle veñen trasladando as distintas Comunidades Autónomas para paliar o déficit de persoal e adopte, sen dilación, cantas medidas sexan precisas para poñer remedio a unha situación que se está agravando ano a ano.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao Goberno de España a:

- 1.- Axilizar o proceso de homologación de títulos dos profesionais sanitarios, mentres non se transfira esta competencia a Galicia.
- 2.- Incorporar de maneira inmediata as novas prazas acreditadas á oferta formativa de especialistas.
- 3.- Modificar o Estatuto Marco para elevar ata os 72 anos a idade máxima para o exercicio da profesión médica.
- 4.- Acelerar a implantación da especialidade de médico de urxencias.



5.- Impulsar na liña do que veñen facendo comunidades como Galicia, medidas que permitan incentivar as prazas consideradas como de difícil cobertura para así lograr a súa cobertura”.

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención do señor presidente D. Efrén Castro Caloto, dos señores/as Deputados/as D^a. M^a. del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío, e D. Carlos López López, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada Dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG preséntase emenda de substitución da proposta de acordo, que di o seguinte:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ó goberno da Xunta de Galiza a:

1. Aumentar o orzamento en Sanidade paulatinamente do 14 % ata o 25 %, tal e como establece a OMS.
2. Blindar por lei o investimento en Atención Primaria e crear un plan de choque de 200 millóns.
3. Eliminar a inestabilidade e a precariedade laboral a través dunha mellora da planificación das convocatorias de prazas de especialización en función das necesidades actuais e futuras, incrementando as retribucións salariais nas especialidades máis demandadas, como a de medicina familiar”.

A emenda presentada é rexeitada polo Grupo proponente da moción.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular; votos en contra 13 (correspondentes ós/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=9>

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA ESIXIR AO EQUIPO DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN QUE ESTABLEZA QUE OS PREZOS DAS PRAZAS DO CENTRO RESIDENCIAL E DE DÍA COMARCAL DE BECERREÁ SEXAN IGUAIS AOS FIXADOS PARA O RESTO DE CENTROS DE ATENCIÓN A MAIORES DA REDE PROVINCIAL.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para esixir ao equipo de goberno da Deputación que estableza que os prezos das prazas do Centro Residencia e de Día Comarcal de Becerreá sexan iguais aos fixados para o resto de Centros de Atención a Maiores da Rede Provincial

Exposición de Motivos:

O 27 de xuño de 2016 o Sr. Presidente da Deputación, a Portavoz do Grupo Provincial Popular, o portavoz do Grupo Provincial Socialista e o Sr. Deputado non adscrito asinaban un acordo relativo á aprobación definitiva do Orzamento Xeral da institución para o ano 2016; acordo que recollía, entre outras cuestións, o compromiso de levar a cabo no concello de Becerreá un proxecto para dotar á comarca dunha residencia e centro de día.

No pleno extraordinario celebrado no mes de novembro dese mesmo ano aprobouse unha iniciativa relativa aos centros de atención ás persoas maiores proposta por este grupo na que se acordou, entre outros puntos, que respecto ao centro de Becerreá se cumprira o acordo nos termos acadados.

Posteriormente, nesa mesma data aprobouse por urxencia unha proposta do equipo de goberno relativa ao convenio de colaboración entre as dúas entidades locais para a construción e xestión de dita residencia.

Ao longo dos anos houbo numerosos atrasos ata que finalmente se rematou a obra de construción deste centro. Neste tempo, foron moitas as ocasións nas que dende o PP demandamos que se realizaran os trámites oportunos para levar a cabo as contratacións necesarias para equipar o centro e comezar a prestación dos servizos para o que foi proxectado.

Lamentablemente o equipo de goberno preferiu aprazar durante anos estas cuestións poñendo diferentes escusas, chegando a afirmar en novembro de 2023 que este centro non se axusta ao modelo impulsado dende a Deputación de Lugo.



Transcorridos uns días, e segundo se publica na páxina web da Deputación Provincial de Lugo, en data 4 de decembro de 2023, o Deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, asegurou durante unha xuntanza con membros da Plataforma Pro Residencia de Becerreá que:

- “unha vez que estea rematada a construción e instalación do Centro de Transformación, o seguinte paso será sacar a contratación pública os medios e equipamentos necesarios (camas, mobiliario, cociña, lavandería, comedor, entre outros) para o seu funcionamento, cun custo que superará os 1,5 millóns de euros. A partir de aí farase a selección e a contratación do persoal”.

Un ano despois, o bipartito provincial mudou de opinión e presentou na sesión plenaria celebrada o 25 de febreiro de 2025, a “Proposta da actividade económica e do réxime xurídico do Centro de Atención a Persoas Maiores de Becerreá”, que inclúe a memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica do centro na que se determina a súa forma de xestión e na que se recolle que as tarifas a aboar polas persoas usuarias serán:

- Tarifa residencia xeral persoa autónoma: 1.750,00 €
- Tarifa residencia xeral persoa dependente: 2.200,00 €
- Tarifa centro de día: 375,00 €

Estes prezos distan moito dos establecidos para o resto de centros da rede provincial que están en funcionamento, para os que está establecido, na actualidade, en 1.390,00€ para persoas dependentes e 1.080,00€ para persoas autónomas.

Estes datos evidencian a inxustiza que supón que veciños da mesma comarca teñan que asumir un sobrecusto do 60% en función de se a súa praza é na residencia de Becerreá ou, por exemplo, na de Pedrafita do Cebreiro, ambas da rede provincial.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a que estableza e garanta que os prezos polos servizos prestados aos futuros usuarios no Centro de Día e Residencial Comarcal en Becerreá sexan os mesmos que os do resto de Centros de Atención a Maiores que forman parte da rede de centros construídos ou con cofinanciamento da institución provincial”.

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención do señor presidente D. Efrén Castro Caloto, dos señores/as Deputados/as D^a. M^a. del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío, e D. Carlos López López, representantes do Grupo Provincial

Socialista, e da señora Deputada Dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG preséntase emenda de substitución á proposta de acordo que di o seguinte:

“O Pleno da Deputación de Lugo insta ó goberno da Xunta de Galiza a conveniar prazas concertadas no CAM de Becerreá, colaborando coa Deputación de Lugo para que o 100 % das prazas deste centro contén con axudas sociais”.

A emenda presentada é rexeitada polo Grupo propoñente da moción.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular; votos en contra 13 (correspondentes ós/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=10>

ASUNTO DE URXENCIA

Neste momento o Presidente manifesta que se presentou unha moción de urxencia por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratará a continuación, no caso que sexa aprobada a declaración de urxencia da mesma.

MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR SOBRE O ALLEAMENTO DE FINCAS ADQUIRIDAS EN ANTAS DE ULLA PARA DESENVOLVEMENTO DE PARQUE INDUSTRIAL

Logo de ver a moción sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción de urxencia do Grupo Provincial Popular sobre o alleamento de fincas adquiridas en Antas de Ulla para desenvolvemento de parque industrial.



Xustificación da urxencia

Na Xunta de Goberno do pasado 14 de marzo de 2025 aprobouse a tramitación do procedemento para o alleamento de único lote de parcelas rústicas, propiedade da Deputación Provincial, no Concello de Antas de Ulla, mediante poxa. Trátase de parcelas adquiridas no seu día pola extinta SUPLUSA para o impulso e desenvolvemento dun parque empresarial en Antas de Ulla. Coa tramitación deste expediente a Deputación pretende vender estas fincas a unha empresa cuxa única actividade é a implantación de plantas de biogás, que xa manifestou o seu interese en adquirir estas parcelas para instalar unha planta de biogás nas mesmas. A urxencia da presente moción ven motivada pola necesidade inaprazable de paralizar este procedemento xa iniciado, pois entendemos que estas fincas deben adicarse ao seu destino inicial, isto é, ao desenvolvemento dun parque empresarial. A moción non puido ser incluída na orde día debido aos prazos esixidos por Presidencia para a presentación de asuntos a Pleno. É por ese motivo polo que se presenta a moción por razón de urxencia, tendo en conta os prazos do expediente de alleamento, publicado na “Plataforma de Contratación del Sector Público” o día 19 de marzo de 2025, e que establece os seguintes prazos: prazo de presentación de ofertas ata o 2 de abril de 2025, e apertura de sobre de oferta económica, o día 4 de abril de 2025. Consideramos que as mesmas razóns que levaron ao equipo de goberno a tramitar o expediente de alleamento con estes prazos tan curtos xustifican a urxencia desta moción. En caso de non ser aprobada a urxencia, non sería posible tratar esta moción no próximo Pleno ordinario, xa que o obxecto da mesma tería decaído o día 4 de abril. En consecuencia, e ao considerar este grupo que existen razóns de interese público que xustifican a urxencia, solicitamos se aprobe a mesma e se incorpore a moción á presente Sesión.

Exposición de Motivos:

1. Con anterioridade ao ano 2007, a Deputación Provincial de Lugo, a través da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA) inicia a compra de terreos no municipio de Antas de Ulla para o desenvolvemento dun parque empresarial, co obxectivo de posibilitar ás pequenas e medianas empresas existentes, no concello de Antas e limítrofes, espazos nos que instalar os seus negocios (carpinterías, panaderías, talleres mecánicos, de aluminio, etc.), facilitando así, dunha banda que se liberasen os locais nos que estes negocios se atopaban instalados (na maioría de casos nos baixos das súas propias vivendas ou locais no núcleo urbano), e doutra, favorecendo unha posible expansión ou crecemento destes negocios ao dotarse dunha infraestrutura máis adecuada ás súas necesidades ou proxeccións de futuro. A maiores, con esta actuación, se facilitaba unha rexeneración do tecido comercial municipal, pois a liberación destes baixos no núcleo urbano da vila xeraba a

oportunidade de instalar nos mesmos outro tipo de negocio e comercio de proximidade (supermercados, perruquerías, cafeterías,...).

2. No ano 2007, accede ao goberno da Deputación de Lugo o bipartito PSOE-BNG o que supón que se paralice, de maneira abrupta, a compra de terreos no municipio de Antas de Ulla para o desenvolvemento e xestión do parque empresarial. Cómpre mencionar, chegados a este punto, que as 16 parcelas adquiridas ata ese momento por SUPLUSA eran parcelas “salteadas”, é dicir, non formaban un conxunto único, polo que se non se levaba a cabo a compra das parcelas intermedias era imposible realizar calquera tipo de actuación administrativa adicional encamiñada á futura implantación do parque empresarial.

3. A partir deste momento SUPLUSA non realiza ningunha xestión relacionada coa compra de terreos, dedicándose unicamente, respecto do Concello de Antas de Ulla, á elaboración de documentación técnica, documentación a todas luces baleira de contido, dado que sen a incorporación das fincas intermedias ao proxecto non era factible nin realista o desenvolvemento do parque empresarial. Está inacción se prolongou no tempo, ata o ano 2022, data na que o Concello de Antas de Ulla solicita a cesión dos terreos adquiridos no seu día por SUPLUSA (xa extinguida) ante a parálise manifesta e o absurdo da situación.

3. En sesión plenaria de 22 de febreiro de 2022, a Deputación Provincial de Lugo aproba a cesión das 16 parcelas adquiridas en Antas de Ulla pola extinta SUPLUSA coas seguintes condicións: impulsar un parque empresarial no prazo máximo de cinco anos, debendo manterse este destino durante os 30 anos seguintes. De non cumprirse este condicionado os bens cedidos reverterían novamente ao patrimonio da Deputación Provincial.

4. Dada a imposibilidade de cumprir as condicións da cesión, tendo en conta, reiteramos, que as 16 fincas en cesión estaban salteadas, o Concello de Antas de Ulla opta por non aceptar a cesión.

5. Con estes antecedentes, chegamos a maio de 2024, no que o Concello de Antas de Ulla, gobernado polo PSdeG-PSOE, decide aceptar as 16 parcelas mediante acordo adoptado en sesión plenaria de data 15 de maio de 2024, en contra do criterio do PP de Antas de Ulla, que xa nese momento advertiu ao equipo de goberno que era imposible o desenvolvemento do parque industrial nesas condicións, ao que o PSOE fixo oídos xordos, aprobando, pese ao voto en contra do grupo popular, o acordo de aceptación de cesión das 16 fincas provinciais, coa condición de desenvolver un parque empresarial no prazo máximo de cinco anos.

6. Só uns meses despois, en febreiro de 2025, nun xiro copernicano da situación, a Alcaldesa de Antas de Ulla co seu equipo de goberno cae na conta de que non é posible impulsar o parque empresarial no prazo de cinco anos. A escusa agora é que o Concello non ten cartos para isto (seguramente en maio de 2024 si que os tiña) e todo co único obxectivo de xerar confusión, pois a única diferenza real entre maio de 2024 e febreiro de 2025 é o interese dunha empresa de biogás de adquirir estes terreos co



fin de instalar unha planta de xeración de residuos, cunha estimación de xeración de 200.000 m³ de residuos (incluídos lodos) anuais.

7. Así se desprende da carta remitida pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Antas de Ulla, con data 7 de febreiro de 2025, na que informa que a empresa CCC ENERGO GROUP (cuxa única actividade é a industria do biogás) mostrou o seu interese na compra e adquisición das 16 fincas cedidas ao Concello de Antas de Ulla. Hai que salientar que o Concello xa sabía deste interese de CCC ENERGO GROUP pois a empresa realizou en decembro de 2024 unha sesión informativa na Casa da Cultura de Antas de Ulla, patrocinada polo propio Concello, para explicar á veciñanza este interese en implantar unha planta de biogás nestes terreos, na que se puxo de manifesto o rexeitamento dos veciños e veciñas ao proxecto. Cómpre sinalar, tamén, que resulta curioso que a empresa lle envíe unha carta á Deputación para comprar uns terreos que este organismo xa tiña cedidos había meses (difícil de entender).

8. Puntualizando:

- En Pleno de 15 de maio de 2024, o Concello de Antas de Ulla, acepta a cesión de 16 parcelas provinciais, situadas no polígono 28 do municipio de Antas de Ulla, coa condición de desenvolver nas mesmas un parque empresarial no prazo máximo de cinco anos. O grupo popular advirte en sesión plenaria da imposibilidade de cumprir esta condición, dado que se trata de fincas salteadas.
- O día 16 de decembro de 2024, a empresa CCC ENERGO GROUP, especialista en implantación de plantas de biogás realiza unha sesión informativa na Casa da Cultura de Antas de Ulla, co beneplácito da Alcaldesa de Antas de Ulla, para explicar aos veciños e veciñas o seu proxecto de instalación dunha planta de biogás a construír nas parcelas do polígono 28 cedidas pola Deputación Provincial e aceptadas polo Concello, en maio de 2024.
- A raíz desa sesión informativa xérase un potente movemento veciñal ante o rexeitamento masivo da veciñanza de Antas de Ulla á implantación da planta de biogás.
- Con data 7 de febreiro de 2025 a Deputación Provincial de Lugo comunica ao Concello de Antas de Ulla que a empresa CCC ENERGO GROUP mostrou o seu interese na compra e adquisición das 16 fincas cedidas no polígono 28. Información esta da que xa era coñecedor o propio Concello que viña de organizar a sesión informativa de 16 de decembro de 2024.
- Con data 13 de febreiro de 2025, se celebra sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Antas de Ulla, na que se acorda, co voto a favor do grupo socialista e o voto en contra do PP, a renuncia á cesión das 16 parcelas provinciais aceptadas en pleno de 15 de maio de 2024, para que, segundo reza a proposta de Alcaldía: *“a Deputación poida realizar un procedemento de alleamento para a venta de ditas parcelas”*.

9. Con data 14 de marzo de 2025, se celebra sesión da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo con, entre outros, o seguinte punto na orde do día: “Proposta relativa á tramitación de procedemento para o alleamento de único lote de parcelas rústicas, propiedade da Deputación Provincial, no Concello de Antas de Ulla, mediante poxa”.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao Goberno Provincial a:

PRIMEIRO. Paralizar o procedemento para o alleamento de único lote de parcelas rústicas, propiedade da Deputación Provincial, no Concello de Antas de Ulla, dado que o mesmo parece estar encamiñado unicamente á venda directa a unha empresa concreta renunciando á creación dun polígono industrial comprometido dende hai anos.

SEGUNDO. Que desde a Deputación Provincial de Lugo se leven a cabo as accións necesarias para a adquisición das fincas intermedias do polígono 28 do municipio de Antas de Ulla, ao obxecto de promover nas mesmas o desenvolvemento dun parque empresarial”.

Efectuada a votación da declaración de urxencia da moción, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra 13 (correspondentes ós/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a declaración de urxencia da moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=11>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

11.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO CUARTO TRIMESTRE DE 2024 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe do cuarto trimestre de 2024 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=12>



12.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2024 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Dáse conta do informe dos meses de outubro, novembro e decembro de 2024 relativos ao cumprimento de prazos do Real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=13>

13.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DE 2025.

O Pleno da Corporación queda enterado do Plan Anual de control financeiro de 2025.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=14>

14.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL DE INTERVENCIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS PAGOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA DO EXERCICIO 2024.

Dáse conta do informe anual de intervención das contas xustificativas dos pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa do exercicio 2024. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=15>

15.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2024.

O Pleno da Corporación queda enterado da conta da liquidación do orzamento de 2024.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=16>

16.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO ARTIGO 218 DO RD 2/2004, DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS DO ANO 2024.

Dáse conta do informe do artigo 218 do R.D. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais do ano 2024. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=17>

17.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DEFINITIVOS DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCÍONS PACF (PLAN ANUAL CONTROL FINANCEIRO) 2021.

O Pleno da Corporación queda enterado dos informes definitivos de control financeiro de subvencións PACF 2021.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=18>

18.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCÍONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día tres ao vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e cinco, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 0360 ao 0954. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=19>

19.- COMUNICACÍONS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=20>

20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

ROGOS

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á LU-P-1403, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:



A rede viaria titularidade da Deputación de Lugo presenta un estado de conservación mellorable en moitos puntos e municipios da provincia.

A situación agrávase nalgunhas vías como a LU-P-1403, no municipio de Cervantes, que é empregada polos veciños e veciñas de Santa Marta, Vilar de Mouros ou Os Prados que sofren o seu lamentable estado que dificulta a circulación incluso en vehículos todoterreo. En gran parte do seu percorrido o pavimento é de terra e grava, é dicir, non dispón nin de asfalto.

O goberno provincial non está a dirixir fondos a esta estrada que se atopa a menos de 5 quilómetros do castelo de Doiras, para o que a Deputación de Lugo si achegou preto de 1M€ para a súa compra a unha Fundación.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que: A Deputación de Lugo acometa á maior brevidade posible os traballos necesarios para acondicionar o pavimento e mellorar as condicións de seguridade da vía provincial LU-P-1403 ao seu paso polo municipio de Cervantes”.

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á LU-P-3201, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O goberno da Deputación de Lugo ten aprobada unha actuación de mellora da estrada provincial LU-P-3201, que conecta Monforte de Lemos con Sober, entre os puntos quilométricos 0,814 e 2,540, que se atopan xusto dentro do termo municipal de Monforte de Lemos.

Recentemente, o presidente e alcalde de Monforte de Lemos, José Tomé, anunciaba esta actuación indicando que no resto da vía que discorre polo termo municipal de Sober *“se repararán os baches que poida haber, realizando unha labor de conservación, e procederase ao repintado das sinais horizontais de toda esta travesía, dende a Capela de San Lázaro ata a súa chegada a Sober”*.

O proxecto publicado na Plataforma de Contratación non recolle esta actuación anunciada para o concello limítrofe.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo aplique un trato igualitario para todos os concellos da provincia de Lugo e que, neste caso particular, realice os trámites necesarios para executar obras de mellora na LU-P-3201 ao seu paso polo termo municipal de Sober nas mesmas condicións que no termo municipal de Monforte de Lemos co obxectivo de garantir un bo estado da vía e a seguridade viaria na súa totalidade”.

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ó polígono industrial de Baralla, e que di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O polígono industrial de Baralla leva arredor de 19 anos comprometido despois da sinatura dun convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o Concello no ano 2006.

O plan de sectorización foi iniciado no ano 2007, contou cun investimento de 1.431.000€ para a tramitación e a compra de terreos e na actualidade esta futura área industrial suma máis de 200.000 m² de solo a disposición da Deputación de Lugo para a súa construción.

O goberno provincial vén de anunciar a compra de terreos para algunhas áreas industriais, mentres que o polígono de Baralla coa tramitación moito máis avanzada continúa paralizado dende o 2007, coa chegada ao goberno provincial do PSOE e o BNG.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Cando ten previsto o goberno provincial reactivar os traballos e poñer en marcha o polígono industrial de Baralla?”

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á posta en marcha do Centro de atención a maiores de Folgoso do Courel, e que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta



O 1 de agosto de 2018 o presidente da Deputación Provincial de Lugo, Darío Campos, e a alcaldesa do Concello de Folgoso do Courel, Lola Castro, asinaban un convenio de colaboración para a execución dos fins comúns consistentes na construción de residencia e centro de día da terceira idade no municipio formalizando o compromiso adquirido durante a presidencia de Elena Candia no ano 2015.

O Concello cumpriu coa súa parte: aportar o espazo para a súa construción, aprobar a achega económica que lle corresponde e conceder a licencia urbanística da que xa dispón a Deputación de Lugo dende xaneiro do 2022.

O avance do proxecto mantense paralizado á espera de que o goberno provincial modifique os prezos do proxecto para evitar que quede deserto o concurso unha vez saia a obra a licitación pública, segundo explicaron dende o goberno provincial á alcaldesa na última reunión, en decembro do 2022.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

En que prazo prevé o goberno provincial reiniciar o proceso de contratación e as obras de construción de cara a poñer en marcha o centro de atención a maiores no municipio de Folgoso do Courel?"

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250325&punto=21>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.